


ARTES ESCÉNICAS 2026

PRIMEIRO
SEMESTRE


AUDITORIO
DE GALICIA
TEATRO
PRINCIPAL

C





ARTES ESCÉNICAS 2026





Na coidada selección de espectáculos da creación galega e estatal, esta nova tempada escénica inclúe pezas que dialogan entre si e dirixen a conversa cara á memoria e a identidade, o relevo xeracional e as novas linguaxes narrativas ou posta en valor e resignificación do tradicional.

Cada un dos tres focos deste primeiro semestre, —Castelao en escena, Escenas do presente e NeoTrad— delimita un territorio diferente desde o que observar o noso presente escénico: desde a relectura da figura de Castelao, á vitalidade das novas xeracións creadoras, e até a efervescencia da nova cultura tradicional e o diálogo que establece coa contemporaneidade.

Xunto ás pezas que integran os eixos temáticos, a programación complétase cun conxunto de propostas que tiran do fío, co gallo de ampliar perspectivas e promover reflexión e debate. Un convite a achegarse ás salas e vivir a escena desde novos lugares.





20, 21 e 22 de febreiro

Auditorio de Galicia-Sala
Ángel Brage

**ICTUS (anatomía de "A
derradeira leición" de
Castelao)**

Chévere e Centro
Dramático Nacional

15, 16, 17 e 18 de abril

Teatro Principal

Os dous de sempre

Producións Teatrais
Excéntricas




FOCO CASTELAO EN ESCENA



O aniversario do pasamento do intelectual e político rianxeiro activa novamente a creación escénica do país e dúas das compañías máis senlleiras tómanos como pretexto —ou como texto— para as súas creacións.

Chévere estrea no Auditorio de Galicia, *ICTUS (anatomía de "A derradeira leición" de Castelao)*, un espectáculo que parte da última pintura que o autor realizou no exilio para reflexionar sobre a memoria nun dispositivo documental onde se cruzan numerosas voces.

Ao tempo, *OS DOUS DE SEMPRE*, de Producións Teatrais Excéntricas, volve reunir o dúo cómico máis afamado da escena galega, Mofa e Befa, para reinterpretar a obra de Castelao nun sentido amplo. Pedriño e Rañolas soben ás táboas do Teatro Principal para se atoparen cun selecto club de personaxes que transitan entre o idealismo e o materialismo e render homenaxe ao seu humor.



**Queres saber máis sobre o
programa de artes escénicas?
Tes toda a información en
COMPOSTELACULTURA.GAL**



6 de marzo

Teatro Principal

Historia VaxenialArtyc Content,
Raquel Nogueira
e Iván Marcos

21 de maio

Teatro Principal

Alicia wants toBengala Teatro
Físico

19 de abril

Auditorio de
Galicia - Sala
Ángel Brage**Transeúnte**

Daniel Rodríguez

22 de maio

Teatro Principal

NortearColumna
Balteira

23 de maio

Teatro Principal

Contra Ana

La Contraria



FOCO ESCENAS DO PRESENTE

Dar unha vista de ollos sobre a creación escénica actual feita polas xeracións máis novas é o obxectivo deste foco no que agroman propostas de colectivos e artistas que comezaron a súa traxectoria profesional despois da reestruturación do sector que provocou a crise de 2007-2011.

Son espectáculos que, tanto no estético como no temático, poñen en escena as súas preocupacións e maneiras de afrontar o presente. Representan o futuro da escena, pero tamén o seu presente: vitalidade, risco e efervescencia creativa.

HISTORIA VAXENIAL a comedia de Raquel Nogueira e Iván Marcos, parte do proxecto audiovisual da autora e foi recoñecida co Premio Luísa Villalta a proxectos de igualdade 2024. *TRANSEÚNTE*, de Daniel Rodríguez, é unha peza de gran formato que consolida o creador como unha referencia da escena neotrad da danza. *ALICIA WANTS TO*, de Bengala Teatro Físico, constrúe unha dramaturxia fragmentada a partir da Alicia que queda do outro lado do espello. *NORTEAR*, de Columna Balteira baixo a dirección de Helena Salgueiro, nace dun proceso de investigación arredor dun grupo de mulleres que habitan un Norte baleirado. E pecha o foco *CONTRA ANA*, de La Contraria, Premio Max 2025 ao mellor espectáculo revelación, unha autoficción directa e emotiva sobre a anorexia.

Diversidade, identidade, complexidade e cuestións plenamente contemporáneas atravesan este mapa da creación que está a medrar agora mesmo no país.



6 e 7 de febreiro

Teatro Principal

BenQuerer

Fran Sieira bailalle a
Caamaño&Ameixeiras

19 de abril

Auditorio de Galicia - Sala

Ángel Brage

Transeúnte

Daniel Rodríguez

7 de maio

Teatro Principal

Alén

Colectivo Glovo

10 de maio

Auditorio de Galicia - Sala

Ángel Brage

Vicenta Lorca

Óscar Cobos Compañía



FOCO NEOTRAD

Retomamos este foco que tivo presenza na programación de 2024 por un motivo evidente: a explosión da nova cultura tradicional nas cidades do país ten un claro impacto na creación escénica contemporánea.

Se no primeiro foco NeoTrad observabamos como xurdían e se consolidaban propostas escénicas que viñan do mundo do ecosistema tradicional, na actualidade podemos completar ese mapeo con propostas que, partindo do mundo da danza contemporánea, abordan ou se inspiran no mundo da tradición. O punto de partida é diferente pero semella existir unha linguaxe común, un código co cal explorar, investigar, resignificar que en certo modo se está autonomizando e que é moi útil e inspirador para numerosos/as creadores/as de diferente signo e idade.

Compoñen o foco as propostas de Fran Sieira que, xunto con Caamaño & Ameixeiras, presenta o seu espectáculo *BENQUERER*; Daniel Rodríguez con *TRANSEÚNTE*; *ALÉN* de Colectivo Glovo e *VICENTA LORCA* de Óscar Cobos Compañía de Danza. Catro pezas que dan conta da diversidade creativa dos mundos tradicionais.



DIEGO SEIXO

TEATRO PRINCIPAL**29 E 30 DE XANEIRO**

20.30 h

Posfunción: 29 de xaneiro ao remate do pase

12 €

Descontos do 50 %

Público adulto

105 min

Galego

RECONVERSIÓN é un espectáculo de gran formato para público adulto, con oito actores-músicos que forman unha charanga e interpretan a banda sonora en directo.

Entre o íntimo e o político, o proxecto, escrito e dirixido por Santiago Cortegoso, é un exercicio de memoria histórica arredor da reconversión no sector naval na Ría de Vigo. A obra céntrase na peripecia vital do pai do autor, un home que traballou no estaleiro Ascón durante 30 anos. Esta figura sintetiza as vivencias de toda unha xeración, que sufriu o paro polo peche da factoría en 1984 e viviu as mobilizacións históricas que tiveron lugar nos anos 70 e 80.

Elenco: Artur Abad: Percusións, Coro, Soprete, Outros | Cristina Collazo: Trompa, Coro, Avoa, Outras | Santiago Cortegoso: Percusións, Coro, O fillo | César Goldí: Percusións, Coro, Franco, Naranjito, Outros | Celia González: Clarinete, Coro, A nai, Outras | Davide González: Saxofón, Coro, Felipe González, Outros | Fran Lareu: Trompeta, Coro, O pai, Outros | Nani Matos: Tuba, Coro, Boyer, Outros |

Texto e dirección: Santiago Cortegoso | Codirección e Iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio | Escenografía: Pablo Giráldez “O Pastor” | Deseño de son e dirección musical: Alonso Caxade | Vestuario: Marián Bañobre | Xastra: Bety Busto | Caracterización: Baia Fernández | Movemento escénico: Armando Martén | Imaxe e fotografía: Diego Seixo | Asistente de dirección: Natalia Feijoo | Técnica en xira: Héctor Pazos, Laura Triñanes | Producción e comunicación: Fátima R. Varela | Producción e distribución: Ibuprofeno Teatro SL



JAVIER MANTRANA

AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA ÁNGEL BRAGE

31 DE XANEIRO

20.30 h

14 €
Descontos do 50 %
> 16 anos
110 min
Castelán

En *LOS YUGOSLAVOS* todo comeza cando un camareiro lle pide axuda a un cliente a quen viu erguer, con apenas palabras, o ánimo doutro. Requírelle que fale coa súa dona, quen semella afundirse na tristeza e no silencio.

Os personaxes protagonistas son dous homes que intercambian palabras e dúas mulleres que intercambian mapas. Ningún deles pisou aquel país que se chamaba Iugoslavia. O título alude a un lugar onde quizá se reúnan persoas que terían en común nacer nun lugar que xa non existe.

LOS YUGOSLAVOS é unha obra sobre o amor, a tristeza, a busca dun lugar e a esperanza nas palabras.

Texto e dirección: Juan Mayorga | Elenco: Luis Bermejo, Javier Gutiérrez, Marta Gómez e Alba Planas | Axudante de dirección: Ana Barceló | Axudante de dramaturxia en prácticas: Francisco Flecha Rodríguez | Deseño de escenografía e vestuario: Elisa Sanz (AAPEE) | Deseño de iluminación: Juan Gómez-Cornejo (AAIV) | Música e espazo sonoro: Jaume Manresa | Obradoiro de realización: Mambo Decorados | Movemento escénico: Marta Gómez Rodríguez | Producción: Teatro de La Abadía | Producción executiva: Sarah Reis | Axudante de produción: José Luis Sendarrubias e Gema Iglesias | Axudante de produción en prácticas: Mauricio Arjona | Fotografía: Javier Mantrana | Xerente en xira: Ana Guarnizo | Administración en xira: Inés Gutiérrez e Arantza Izaguirre | Dirección técnica en xira: Íñigo Benítez | Distribución: Charo Fernández | Productora en xira: Mónica Regueiro, Producciones Off



BENQUERER

FRAN SIEIRA BÁILALLE A
CAAMAÑO&AMEIXEIRAS

TEATRO PRINCIPAL

6 E DE 7 FEBREIRO

20.30 h

10 €

Descontos do 50 %

público adulto

70 min

Galego

Autoría/coreografía: Fran Sieira |
Dirección artística: Fran Sieira |
Acompañamento de dirección: Colectivo
VACAburra (Gena Baamonde) |
Acompañamento de movemento:
Colectivo VACAburra (Andrea Quintana) |
Bailador: Fran Sieira | Música: Caamaño
& Ameixeiras | Vestuario: Érica Oubiña |
Iluminación: Fidel Vázquez | Técnico de
son: Isaac Millán | Técnico de luces: Fidel
Vázquez

Benquerer, querer, querer ben e quereirse ben son algúns dos termos nos que afonda o novo espectáculo de Fran Sieira, desta vez, acompañado en directo polo dúo galego ligado á música e ao baile de raíz, Caamaño&Ameixeiras.

Desde un punto de vista case autobiográfico, a peza cuestiona que é quereirse ben a un mesmo. É posible benquerer outras persoas sen quereirse ben? Algunha vez antepoñemos o benquerer ao querernos ben? Ata que punto a benquerenza pode ser real se non vai acompañada de amor e respecto propio? Todos estes cuestionamentos fanse tamén dende as marxes, sempre con perspectiva de xénero.

O auto-coidado emocional é o eixe central sobre o que xira este novo proceso creativo tan persoal e íntimo para o creador, onde a través do seu propio relato detallará a importancia do coidado, de quereirse ben, de aceptarse e respectarse a un mesmo.



XUNTA
DE GALICIA



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



SABELA EIRIZ

ICTUS

(anatomía de “A derradeira leición” de Castelao)

CHÉVERE

AUDITORIO DE GALICIA. SALA
ÁNGEL BRAGE

20 E 21 DE FEBREIRO | 20.30 H

22 DE FEBREIRO | 18.00 H

Estrea absoluta

Conversando: o 20 de febreiro
Prezo: 14 € (10 € para colectivos
con desconto)

Entradas á venda: ataquilla.com

Idade recomendada: > 13 anos
105 min sen intermedio
Galego, lingua de signos (LSE)

ACCESIBILIDADE: esta obra
conta con intérpretes de lingua
de signos (LSE) en escena para
persoas xordas signantes e con
audiodescrición en directo para
persoas con discapacidade visual.

Elenco: Patricia De Lorenzo, Miguel De Lira, Borja Fernández, Gema Santos, Marcos Pereira | Creación e Autoría: Chévere | Documentación/ Dramaturxia/Dirección: Xron | Técnica: Fidel Vázquez | Producción: Carme Giráldez | Comunicación: Xana García | Gráfica: Tristán Ron | Vestuario: Uxía P. Vaello | Espazo: Carlos Alonso/Chévere | Fotografía: Sabela Eiriz | Vídeo: Miramemira | Coproduce: Centro Dramático Nacional | Apoia: Agadic-Xunta De Galicia | Colabora: Concello De Ames, Auditorio De Galicia

ICTUS é unha obra sobre a memoria: sobre o vínculo profundo entre boa memoria e boa democracia, e sobre as feridas aínda abertas da nosa memoria histórica. O seu fío condutor é A derradeira leición do mestre, a última pintura que Castelao asinou no exilio, cando estaba xa case cego. A proposta de Chévere trae unha viaxe inversa no tempo, acompañando o cadro desde o acto de recibimento na súa primeira chegada Galicia en 2018 —organizado polo goberno galego para incorporalo a unha exposición dedicada á educación— até a súa primeira presentación pública no Centro Ourensán de Bos Aires, o 17 de agosto de 1945. Esta data, noveno cabodano do fusilamento de Alexandre Bóveda polos militares golpistas, foi declarado Día dos Mártires de Galicia pola colectividade galega desterrada.

A compañía artella un dispositivo documental no que múltiples voces e testemuñas dialogan coa historia persoal dunha muller que sofre unha perda de memoria por un dano cerebral adquirido, tras un ictus sufrido precisamente durante o acto de recepción do cadro na Cidade da Cultura en 2018.

O resultado é unha viaxe escénica que nos invita a entender como se constrúen —e como se disputan— as narrativas da memoria.

O DRAGÓN DE OURO

SARABELA TEATRO



RUBÉN VILANOVA

TEATRO PRINCIPAL

27 E 28 DE FEBREIRO

20.30 h

Posfunción o 27 de febreiro
ao remate do pase

12 €

Descontos do 50%

> 12 anos

70 min

Lingua: galego

Unha noite, nun edificio de varios pisos, nalgún lugar de Europa: un mozo chinés sofre unha forte dor de moas na cociña do restaurante de comida rápida tailandés-chinés-vietnamita, O Dragón de ouro. Non ten permiso de residencia e tampouco atopa a súa irmá desaparecida. No balcón sobre o Dragón de Ouro, un ancián quere retroceder no tempo mentres a súa neta, grávida, está diante das ruínas da súa relación porque o seu mozo non quere fillos. No piso de abaixo, un home, deixado pola súa muller, visita o seu amigo, un tendeiro enigmático que obriga unha moza chinesa á prostitución. Dúas azafatas comen no restaurante. Unha delas topa e garda unha moa que caeu na súa sopa tailandesa.

Tradución: Catuxa López Pato | Dramaturxia e dirección: Ánxeles Cuña Bóveda | Elenco: Fina Calleja, Fernando Dacosta, Sabela Gago, Fernando González, Fran Lareu | Deseño de escenografía: Iris Branco | Deseño de iluminación: Baltasar Patiño | Deseño de vestuario: Ruth Díaz Pereira | Dramaturxia movemento: Rut Balbís | Campo sonoro: Renatta Coda Font | Composición musical: Vadzim Yuhnkevich | Fotografía: Rubén Vilanova | Gravación en DVD: Alba V. Carpentier | Distribución: Culturactiva | Técnicos de luz e son: José Bayón e Rubén Dobaño

**TEATRO PRINCIPAL****6 DE MARZO**

20.30 H

12 €

Descontos do 50%

>14 anos

90 min

Galego

A HISTORIA VAXENIAL é unha comedia sobre como as mulleres, e os seus corpos, foron representados ao longo da historia da humanidade. Unha obra que comparte información didáctica contrastada e con perspectiva de xénero a través da ironía, o desenfado, a retranca e o humor.

Interpretación: Raquel Nogueira | Dirección: Iván Marcos |
Dramaturxia: Raquel Nogueira e Iván Marcos | Escenografía: Raquel Nogueira e Iván Marcos | Deseño de luz: Montse Pinheiro | Deseño de video: Iván Marcos | Vestiario: Raquel Nogueira | Asesoría de vestiario: Uxía P. Vaello | Asistencia artística: Borja Fernández



**AUDITORIO DE GALICIA.
SALA ÁNGEL BRAGE**

7 DE MARZO

20.30 h

14 €

Descontos do 50%

>12 anos

80 min

Castelán

Intérprete: José Sacristán
| Adaptación e dirección:
José Sacristán | Axudante de
dirección: Amparo Pascual |
Escenografía audiovisual: Juan
Estelrich | Deseño do cartel:
David Sueiro | Fotografía de
cartel: Javier Naval | Xefe
técnico: Ignacio Huerta | Xefe de
producción: Juan Pedro Campoy
| Axudante de produción:
Estela Ferrándiz | Deseño e
técnica de iluminación: Tatiana
Reverto | Rexisturía, maquinaria
e vídeo: Juan José Andreu
| Xerencia: Cristina Berhó |
Guitarra española: Carlos Goñi |
Distribución: Rosa Sainz-Pardo,
David Ricondo e Eva Esteban
| Comunicación e prensa:
Isabel Martín e Javier Antolín |
Productor: Jesús Cimarro

Se o escritor Delibes me aprendeu a mirar, ao cómico Fernán-
Gómez, ensinouno a escoitar.

Durante uns anos tiveron o privilexio de estar preto del e escoitalo.

Escoitalle, entre outras, a historia de Fernanda López, "a
loura", a súa bisavoa, da que herdou a cor de pelo e que era de
Valdelaguna, unha vila á beira de Chinchón, a miña. E de Carolina
Gómez, costureira, a avoa que coidou da súa infancia como
Natividade López, os seus labores, coidou da miña.

Intercambiamos e compartimos coincidencias noutras tantas
historias. Historias de supervivencia, de ausencias, medos,
esperanzas, soños: de liberdade, de "chegar a ser alguén", de
ser -por que non?- Jackie Cooper, "o da illa do tesouro", e tamén
"escritor de novelas de Salgari".

Firme, orgullosamente resolta na súa melancolía, soaba a voz de
Fernando ao lembrar aqueles tempos, ao lembrarse.

Ecos de Baroja, Galdós, Barea... roldaban por aquela memoria.
Tamén, a través da de Fernando, se me antollaban as voces da
súa avoa e da miña, a afastada de Carola, a súa nai, a de María,
a criada analfabeta afeccionada á poesía, a de Florentina e o
"carallo, que pernas" do seu mozo.

A voz do neno soñador, a do meritario coa súa presadiña de
castañas maías no peto, a do novo namorado e con présa, con
moita présa...

Voces nunha soa voz.

Confío en que me escoitedes coa mesma ou parecida emoción
coa que eu o escoitaba a el, o neto da costureira, o fillo da
cómica.

José Sacristán

ARTUR UI, O OVO DA SERPE

TALÍA TEATRO



TEATRO PRINCIPAL

26 E 27 DE MARZO

20.30 h

Posfunción o 26 de marzo
tras o pase

12 €

Descostos do 50%

Público adulto

90 min

Galego

ARTUR UI, O OVO DA SERPE é unha aposta por contar o momento actual a través da lente crítica e irónica do teatro épico.

Máis aló de ser unha homenaxe a un clásico do século XX, esta produción explora con profundidade crítica os mecanismos de poder, a natureza do autoritarismo e as súas manifestacións ao longo da historia, establecendo un paralelismo claro co momento actual no que o fascismo asoma novamente o fuciño fóra do ovo.

Autor: Bertol Brecht | Dirección: Quico Cadaval | Elenco: Xurxo Barcala, Toño Casais, Marta Lado, María Ordóñez, Diego Rey, Marta Ríos, Artur Trillo e Dani Trillo | Escenografía: Dani Trillo | Vestuario e maquillaxe: Martina Cambeiro | Iluminación: Dani Trillo | Creación audiovisual: Marcos Ptt | Música orixinal: Manu Abrales | Produción: Auri Ferreiro e Artur Trillo | Dramaturxia: Quico Cadaval e Diego Rey

ON TIME

FUNDACIÓN PSICO BALLET MAITE LEÓN



TEATRO PRINCIPAL

9 DE ABRIL

20.30 h

10 €

Descontos do 50%

Todos os públicos

75 min

Castelán

ON TIME convídanos a reflexionar sobre o tempo con Amaya Galeote, María Cabeza de Vaca e Maite Gámez. Estas tres coreógrafas de danza contemporánea, con longas e distinguidas carreiras artísticas, exploran novos desafíos artísticos neste espectáculo con bailaríns e intérpretes con e sen discapacidade.

Dirección do proxecto: Gabriela Martín | Coreografías: Amaya Galeote, Maite Gámez e María Cabeza De Vaca.

QUISO NEGRO

ESTER GUNTÍN

TEATRO PRINCIPAL

10 DE ABRIL

20.30 h

10 €

Descontos do 50%

>8 anos

65 min

Castelán

Idea e dirección: Ester Guntín
| Coreografía: Ester Guntín coa
colaboración dos intérpretes |
Performers: Marina Capel, Anna
Climent, Martí Forcada, Glòria
García, Héctor Puigdomènech, Isaac
Verdura | Deseño de luces: Andreu
Fàbregas e Isabel Ruiz del Moral |
Composición musical: Nil Ciuró e Uge
Pañeda | Escenografía: Pol Roig |
Dramaturxia: Paula Errando | Asistente
de dirección: Aida Mayoral | Asistente
de coreografía: Héctor Puigdomènech
| Producción: Muntsa Roca e Lilabrick
| Ollada externa: Roberto Fratini,
Lipi Hernández e Quim Palmada |
Distribución: Magrana Escena

QUISO NEGRO explora a idea da morte a través do movemento mediante o uso ritual de padróns acústicos, cinéticos e iconográficos. A peza percorre un amplo espectro de escenarios de posesión física e catarse.

Inspírase no tarantismo, un ritual orixinario do sur de Italia durante a Idade Media que cre na mordida simbólica dunha araña e na realización dunha práctica coreográfico-musical para expulsar o veneno do corpo da persoa afectada. A obra emprega o universo iconográfico e simbólico do ritual para reinterpretar as súas prácticas baseadas na coreografía e a música.

A primeira parte explora a preparación para o rito, e a segunda céntrase no esgotamento físico a través de ritmos complexos inspirados na pizzica salentina (a danza tradicional da rexión do Salento).

QUISO NEGRO fala da morte dentro de cada un de nós e pode ser vista como unha viaxe a través dos seus aspectos vitalistas: unha catábase, un descenso festivo.



SONIA GARCÍA

TEATRO PRINCIPAL**15, 16, 17 E 18 DE ABRIL**

20.30 h

Posfunción o 15 de abril tras o pase

12 €

Descontos do 50%

>13 anos

95 min

Galego

Os Dous de Sempre de Mofa & Befá, inspirada na obra de Castelao
 Elenco: Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Josito Porto | Espazo escénico e lumínico: Baltasar Patiño | Vestuario: Carlos Alonso | Dirección musical: Bernardo Martínez | Dirección de movemento: Marcos Orsi | Xefe técnico: Octavio Mas | Construción de escenografía: Kukas e Pepe Quintela | Fotografía e vídeo: Sonia García | Asistente de produción: Mon Serodio | Producción: Rubén G. Pedrero | Dramaturxia: Varela & Cadaval | Dirección: Quico Cadaval

Pedriño e Rañolas son contraditorios, extremos, antagónicos, polarizados...mais amigos. Un é o arriscado soñador (unha forma do idealismo) e o outro é un pancista pusilánime (unha forma do materialismo). Esta oposición entre corpo e alma, entre estómago e corazón aparece noutras parellas famosas, como Quixote e Sancho Panza, en Jacques o Fatalista e o seu patrón, ou nos Don Celidonio e o Doutor Alveiros, de Risco. Pedriño e Rañolas entran neste selecto club, unidos a unha mancha de pallasos anónimos, artistas populares que correron as festas e romarías e que Castelao admirou con compasivo humor.

Os pallasos son criaturas feitas de mesturar un tolo e un neno. Para facer un bufón fai falta, ademais, un animal, o animal que todos levamos dentro. Nenos, tolos e animais compoñen o rico universo humorístico de Castelao, o seu retábulo da risa absoluta, da comedia humana do pobo galego. Mofa e Befá vai meter todo este universo humorístico nas figuras de Pedriño e Rañolas. Os Dous de Sempre son como irmáns siameses, escindidos dun mesmo corpo polo bisturí do doutor Castelao, e que andan polo mundo incompletos, tentando reencontrarse e conformar de novo ese corpo único, harmónico, no que unha parte rouba mazás, e outra, cómeas.

TRANSEÚNTE

DANIEL RODRÍGUEZ



AUDITORIO DE GALICIA.
SALA ÁNGEL BRAGE

19 DE ABRIL

20.30 h

10 €

Descontos do 50%

Todos os públicos

50 min

Galego

O termo “transeúnte” fai referencia a estar de paso, a non residir senón transitoriamente nun lugar. Por iso, poñemos o foco na dualidade entre o permanente e o transitorio nos corpos da nosa xeración atravesados polo folclore e a tradición, integrando influencias do noso contexto actual.

TRANSEÚNTE reflexiona e potencia a relación das novas xeracións coa tradición e o folclore neste mundo tecnolóxico e globalizado no que aínda habita a sabedoría innata dos nosos instintos. Celebra a diversidade cultural, resalta a nosa conexión como seres humanos e lévanos a unha viaxe que honra o pasado, vive o presente e busca e abraza o futuro.

Dirección e coreografía: Daniel Rodríguez | Elenco: Andrea Pérez, Laura García, Abián Hernández e Daniel Rodríguez | Voz: Aida Tarrío e intérpretes | Música en vivo: Aida Tarrío e Artur Puga | Acompañamento: Arnau Pérez | Texto: Sara Faro | Deseño iluminación: Mauricio Pérez | Técnico son: Alfonso Esky | Vestuario: Sheila Pérez | Producción musical: Javier Carreño, Acacia Ojea, Berto



UBASUTE

BERROBAMBÁN

TEATRO PRINCIPAL

23 E 24 DE ABRIL

20.30 h

Posfunción o 23 de abril tras o pase

12 €

Descontos do 50%

>14 anos

50 min

Galego

Elenco: Rocío González, Xosé Barato e Lez Cameselle | Dirección: Vanesa Sotelo | Texto: Paula Carballeira | Escenografía e iluminación: Beatriz de Vega, Chiqui Pereira, Diego Castro e M. P. | Espazo sonoro: Nvelar | Música orixinal: Nacho Sanz | Vestiario: Lola Armesto Lombardía | Imaxe gráfica: Nadina - Gráfica | Gravación: Miriam Rodríguez | Producción: Chiqui Pereira | Distribución: Urdime

“Ubasute” é un termo xaponés que significa literalmente “abandono dunha anciá” e que se refire ao presunto costume de deixar nunha montaña ou nun lugar afastado un parente vello ou enfermo. Existen referencias dese costume na tradición oral de numerosas culturas, pero ningunha proba.

UBASUTE é o máis recente texto da dramaturga galega Paula Carballeira logo do seu recoñecemento co Premio Nacional de Literatura Dramática no ano 2023. Publicado pola Editorial Galaxia foi recoñecida pola prestixiosa Revista Babelia como un dos 5 mellores textos editados en galego no 2024. Así mesmo, a peza é actualmente finalista na categoría de Teatro dos Premios Follas Novas do Libro Galego.

UBASUTE é unha peza de aparencia simple máis de difícil clasificación que conxuga xéneros e abre enigmas para colocar o foco de atención na reflexión ao redor do abandono. De forma sutil e lúdica, Paula Carballeira toca temas de profunda gravidade a través dun xoguete escénico livián que brinda a posibilidade de emprender múltiples viaxes: a de acompañar o tránsito de cada personaxe e a de emprender unha viaxe interior na que cada espectadora poida recoñecerse mentres se abandona ao que queda implícito entre liñas.



FIRMAMENTO

LA VERONAL

ALBERT PONS

AUDITORIO DE GALICIA.
SALA ÁNGEL BRAGE

25 DE ABRIL

20.30 h

10 €

Descontos do 50%

>12 anos

75 min

Inglés (sobretitulado)

No vasto universo da existencia humana desprégase un espectro infinito de posibilidades, poboado de escenarios imaxinados e narrativas que representan unha exploración profunda da nosa identidade e a conexión co mundo que nos rodea.

FIRMAMENTO é unha reflexión ou un reflexo sobre o imaxinario que nos define, unha mirada á etapa vital na que construímos os nosos soños, na que escollemos abrir unhas portas que nos levaron até o presente, tanto individual como colectivamente.

Preséntase como unha invitación para todos os públicos a mirar cara atrás non soamente con nostalgia senón cunha comprensión máis ampla do

noso traxecto vital. Nunha sociedade que demanda pragmatismo e velocidade, **FIRMAMENTO** propónse como un espazo onde deternos a observar e reconectar coas nosas preguntas máis esenciais.

No formal, é o reflexo dun soño recorrente, onde non se distinguen os límites da percepción, onde o real e o imaxinado converxen nun inquietante novo mundo, creando unha increíble tensión entre os distintos elementos que a compoñen.

Os personaxes que habitan **FIRMAMENTO** móvense nun labirinto de percepcións e realidades cambiantes. Nun espazo que muta, repleto de detalles, gateiras e artificios; un vivo reflexo da mente humana en ebulición, chea de posibilidades, contradicións e misterios.

Idea e dirección artística: Marcos Morau | Dirección de produción: Juan Manuel Gil Galindo | Coreografía: Marcos Morau en colaboración coas intérpretes. | Elenco: Ángela Boix, Jon López, Núria Navarra, Lorena Nogal, Marina Rodríguez, Shay Partush. | Texto: Carmina S. Belda e Pablo Gisbert | Voz en off: Victoria Macarte e Nathaniel Ansbach | Asistencia de dramaturxia: Mònica Almirall e Roberto Fratini. | Dirección técnica e deseño de iluminación: Bernat Jansà | Rexedor de escena, maquinaria e efectos especiais: David Pascual | Soporte técnico en xira: Mirko Zeni | Deseño sonoro e música orixinal: Juan Cristóbal Saavedra | Música: Laurie Anderson | Deseño de escenografía: Max Glaenzel | Deseño de vestiario: Silvia Delagneau | Ilustración animada: Marc Salicrú | Produción e loxística: Cristina Goñi Adot e Ángela Boix | Confección de cascos e máscaras: Gadget Efectos Especiales | Construción de marionetas: Martí Doy | Confección de vestuario: A.I.T. e Laura Garcia | Construción de escenografía: Óscar Hernández (Ou), Jorba-Miró | Transportes: Pax 4Events |

Firmamento é unha produción de La Veronal en coprodución con: | Grec 2023 Festival de Barcelona, Institut de Cultura Ajuntament de Barcelona, Oriente Occidente Dance Festival, Centro de Cultura Contemporánea Condeduque, Mercat de les Flors, Temporada Alta – Festival internacional de Catalunya, Girona/Salt, Les Théâtres de la Ville de Luxembourg, Chaillot Théâtre National de la Danse, Festival Equilibrio – Fondazione Musica per Roma, Hessisches Staatsballett in the frame of Tanzplattform Rhein-Main, Triennale Milano | Coa colaboración de Graner – Fàbriques de Creació e Teatre L'Artesà | Co apoio do INAEM–Ministerio de Cultura de España e ICEC–Departament de Cultura da Generalitat de Catalunya

FAMILIA NIJINSKA

VACABURRA



TEATRO PRINCIPAL

29 DE ABRIL

20.30 H

10 €

DescontoS do 50%

Público adulto

75 min


Galego

Unha conferencia escénica do colectivo VACAburra, un espectáculo poético e rebelde a través da historia dunha familia de bailaríns e bailarinas que revolucionaron a danza de inicios do século XX entre outras personaxes fascinantes e seres fantásticos.

A peza transita entre a palabra, o corpo e o trazo, propoñendo unha ollada crítica sobre os relatos hexemónicos da historia da arte, o estigma da saúde mental e o esquecemento das mulleres creadoras.

FAMILIA NIJINSKA non é só unha narración biográfica, senón unha interrogación viva sobre como se constrúe a memoria e quen decide que corpos e voces son dignas de ser recordadas.

Dirección: Gena Baamonde | Coreografía: Andrea Quintana |
Dramaturxia: Gena Baamonde e Andrea Quintana | Interpretación:
Andrea Quintana e Gena Baamonde | Iluminación: Montse Piñeiro | Espazo sonoro: Eva Comesaña | Texto: Gena Baamonde |
Ilustracións e espazo escénico: Andrea Quintana | Vestiario: Gena Baamonde | Imaxe Gráfica: muller6ollos e lavariopinta



ALÉN

COLECTIVO GLOVO

TEATRO PRINCIPAL

7 DE MAIO

20.30 h

10 €

Descontos do 50%

Todos os públicos

55 min

ALÉN é unha creación escénica de danza contemporánea interpretada por catro bailarinas que parte do desexo de habitar o límite. Explora o “máis alá” non como un destino, senón como un proceso: o íntimo no que algo remata, pero o novo aínda non tomou forma. Propón unha experiencia poética e sensorial dese espazo intermedio, dese territorio suspendido onde a identidade se dissolve para volver xurdir transformada. Nunha proposta dinámica e enérxica, as catro intérpretes móvense na fronteira entre o que fomos e o que estamos a piques de ser.

Dirección e autoría: Esther Latorre e Hugo Pereira | Coreografía: Esther Latorre | Asistente de ensaio: Estefanía Gómez | Interpretación: Esther Latorre, Sybila Gutiérrez, Xián Martínez e Marc Fernández | Asesoría de movemento (danza tradicional): Iván Villar | Espazo sonoro: José Pablo Polo | Deseño de iluminación: Xacobo Castro | Vestiario: Adolfo Domínguez | Fotografía: Sabela Eiriz | Producción: Hugo Pereira · Colectivo Glovo | Coprodución con: Centro Coreográfico Galego · Axencia Galega das Industrias Culturais · Xunta de Galicia · Colectivo Glovo · Teatro Ensalle · Concello de Lugo · Concello de Ames · Concello de Carballo · Seattle International Dance Festival · Teatro de Vila Real (Portugal) · Auditórium Municipal de Macedo de Cavaleiros (Portugal)



FILTRO

LA DRAMÁTICA ERRANTE

TEATRO PRINCIPAL

8 DE MAIO

20.30 h

12 €

Descontos do 50%

Público adulto

90 min

Castelán

Dramaturxia e dirección: María Goiricelaya | Elenco: Marcos Valls, Luis Pazos, Agustín Urrutia e Camila Parard | Axudante de dirección: Ane Pikaza | Deseño iluminación e escenografía: Claudia Sánchez | Realización de escenografía: Pablo Achiverreaga, Gastón Ponzo e Jorge Nocetti en obradoiros da EMAD | Vestiario: Malena Paz | Música e visuais: Ibon Belandia | Espazo sonoro: Ibon Aguirre | Producción La Dramática Errante: Xabino Alkorta | Producción: Sala Verdi | Distribución: Portal 71

Noite do 24 de agosto de 1994 en Montevideo (Uruguai).

Nas inmediacións do Hospital Filtro, xunto á entón sede da presidencia do país, dirixentes do partido Frente Amplio e da central unitaria de traballadores PIT-CNT, convocan unha manifestación en contra da extradición de tres integrantes da banda terrorista armada ETA, cuxo traslado foi autorizado pola Suprema Corte de Xustiza de Uruguai.

A estación de radio de CX 44 Radio Panamericana chama a asistir á zona e miles de persoas se achegan para pedir asilo político para o tres vascos.

Berros na rúa.

As forzas de seguridade dispóñense a trasladar os tres etarras ao Aeroporto Internacional de Carrasco para levalos de volta a España, pero os berros medran.

Empurróns. Máis berros. A policía carga contra os civís. A través da televisión, a poboación segue o enfrontamento en directo, observando o corpo de Coraceros perseguindo cos seus cabalos os manifestantes.

Esteban Massa, un enfermeiro que tenta socorrer unha das vítimas, recibe catro disparos polas costas.



VICENTA LORCA

ÓSCAR COBOS CÍA DE DANZA

AUDITORIO DE GALICIA

10 DE MAIO

20.30 h

10€

Descontos do 50%

Todos os públicos

60 min


Galego

VICENTA LORCA é unha proposta escénica de pequeno formato inspirada nas cartas que a nai de Federico García Lorca lle enviaba ao seu fillo cando este estaba fóra de Granada, nas que se reflicte o mundo dela e a súa relación con el.

Trátase dunha obra de teatro, danza e música deseñada para tres intérpretes, cada un no seu papel que, ao longo de 60 minutos, nos amosa o poeta a través dos ollos da nai.

“A muller que eu máis amo no mundo”
(Federico García Lorca)

Intérpretes: Óscar Cobos, Inés Salvado, Abe Rábade | Produción: Óscar Cobos Cía De Danza e Antía Barcia | Idea orixinal: Óscar Cobos | Dirección e dramaturxia: Lorena Conde | Espacio sonoro: Abe Rábade | Vestiario e espazo escénico: Carolina Díguele e Isabel O'Connor | Deseño de iluminación: A Lourensa | Son: Francisco Alvarellos | Soporte técnico: RTA | Distribución: Antía Barcia Feás



ALICIA WANTS TO

BENGALA TEATRO FÍSICO

TEATRO PRINCIPAL

21 DE MAIO

20.30 h

Posfunción ao remate do pase

12 €

Descontos do 50%

>12 anos

60 min con intermedio de

15 min

Galego

Dirección e dramaturxia: An

González | Elenco: Andrea Maseda,

Estrella Tomé, Alicia López, Estela

del Río, Lydia Prada | Iluminación:

Jorge Castro

ALICIA WANTS TO é unha mistura de realismo máximo (inspirado libremente en *Alicia no país das marabillas*) e crueza social (inspirado libremente na película *Mommy* de Xavier Dolan) que nos conta a historia de Alicia, unha adolescente que sofre problemas coas drogas e unha posible situación de abuso. A peza comeza no momento no que é expulsada dun centro de menores e se atopa de novo con Juana, a súa nai.

Ambas son mulleres da linde, da fronteira, do borde, que tratan de sobrevivir nunha sociedade atravesada pola exclusión social, os abusos, a pobreza e un sistema xudicial que non protexe a todos por igual.

A obra está construída a través dunha partida de xadrez na que unha narradora formula diferentes situacións, deixándolle ao público elixir –votando co seu programa de man– algunha das decisión que ten que tomar Alicia e, polo tanto, como continúa a historia.

Esta dinámica converte o público en parte activa e responsable do destino da moza, á vez que fai referencia ao feito de que non todas as persoas parten do mesmo lugar nin contan coas mesmas pezas para enfrontarse á partida que é a vida.

A historia culmina cun xuízo, no que aparecen fragmentos auténticos do xuíz Pinar no caso Juana Rivas, onde se pon evidencia a violencia da xustiza patriarcal que levará ás nosas protagonistas, Alicia e Juana, ao xaque mate.

NORTEAR

COLUMNA BALTEIRA



ALBA CAMBEIRO

TEATRO PRINCIPAL

22 DE MAIO

20.30 h

Posfunción ao remate do
pase

12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: Para
todos os públicos

80 min

Lingua: galego

NORTEAR é unha peza escénica onde o espectral se confunde co real, o político co onírico, o etnográfico co poético.

Un grupo de mulleres habita un espazo baleirado do Norte.

Perdidas nun compás e hipnotizadas polo Mar, os corpos das mulleres transitan, danzan e traballan infinitamente... buscando un punto no que ancorarse. Turrando pola Utopía.

Dirección, texto e espazo escénico: Helena Salgueiro | Intérpretes: Alba López, Adriana Rodríguez, Alíxa Ladson, | Helena Salgueiro, Masako Hattori | Banda sonora: Anne Lèpere | Espazo lumínico: Montse Piñeiro | Vestiario: Nuria López | Asistencia de dirección: Marina Carnero | Atrezzistas: Marina Álvarez Carnero & Nuria López | Produción e distribución: Helena Salgueiro | Fotografía: Alba Cambeiro | Videografía: Xandra Táboas

**TEATRO PRINCIPAL****23 DE MAIO**

20.30 h

12 €

Descontos do 50%

>14 anos

75 min

Castelán

CONTRA ANA é unha autoficción que retrata a anorexia (o que é un Trastorno da Conduta Alimentaria na súa complexidade) desde a experiencia real da autora, Alma García. Céntrase especialmente no ano que pasou ingresada nunha clínica en Barcelona e reflexiona sobre a identidade e o que este concepto supuxo para ela.

A obra adéntrase na procura dos porqués e na responsabilidade que a sociedade ten no desenvolvemento (ou mantemento) dun TCA.

Autoría: Alma García | Dirección: Paco Montes | Dramaturxia · adaptación · coreografía: Paco Montes e Beatriz Justamante | Elenco: Carmen Climent, Alma García, León Molina, Jone Laspiur/ Beatriz Justamante e Cristian Olarte | Vestiario: La Contraria | Música: Cristian Olarte | Iluminación: Raquel Rodríguez | Técnica En Gira: Ana López | Escenografía: Fer Muratoni | Fotografía: Alfon García | Producción: Elvira Casado | Distribución: Jorge Dubarry



GERALDINE LELOUTRE

**AUDITORIO DE GALICIA. SALA
ÁNGEL BRAGE**

6 DE XUÑO

20.30 h

12 €

Descontos do 50%

>18 anos

180 min con intermedio de 15 min
Galego

Elenco: Mónica García, Xurxo Cortázar, Anxo Outumuro, Lidia Veiga, Jorge de Arcos, e Esther F. Carrodegas | Coreografía e axudante de dirección: Sabela Domínguez | Asesoramento coreográfico tradicional: Artur Puga | Segundo axudante. Dirección: Antonio Castro | Espazo sonoro e temas: Berto | Espazo escénico: Xavier Castiñeira e Diego Valeiras | Vestiario: Diego Valeiras | Iluminación: Diego Vilar – Equipo Creativo RTA | Audiovisuais: Pablo Fontenla | Editor Fx: Antón Miranda | Asistencia técnica: RTA – Recursos Técnicos Artísticos | Texto: Esther F. Carrodegas | Dirección: Xavier Castiñeira | Producción: Juancho Gianzo e Esther F. Carrodegas | Producción en xira: Rubén Capelán | Entrevistas: Inma López Silva, Pablo Fontenla | Comunicación: Equipo Sopa, The Office e Rubén Capelán | Distribución: Galicia: ButacaZero – España: Rocio Pindado (Portal 71) | Unha produción ButacaZero en coprodución co Centro Dramático Nacional e a MIT de Ribadavia.

IRIBARNE é un tipo nado na mesmísima vila de Rouco Varela (si: o cardeal) durante a Monarquía de Alfonso XIII (o primeiro promotor do cine porno en España?, si-si: ese). Emigrado a Cuba con tan só un aníño — coincidindo con inauguración da ditadura de Primo de Rivera — tras facer as Américas durante un par de anos o noso protagonista volve triunfante para ser o fillo do alcalde (e o da francesa!). Empeza o bacharel coa entrada da II República, case-case se fai cura durante a Guerra Civil pero decide liscar a Madrid —seguindo o rastro doutro galego ilustre— nada máis inaugurada a Era do Devandito (si, claro: O Caudillísimo). Con tanto afán tentou ser como o que máis pronto que tarde chegou a ser Ministro no seu mandato, a pesar de ter disparado dous días antes contra o cu da súa filla (pero que dis!? Si-si: dato real!). Sendo o primeiro e mellor opositor de España, quixo substituír o Caudillo cando este morreu. Non puido ser: non ía por oposición. Tivo que conformarse co cargo de Vicerrei na súa querida Terra Galega.

IRIBARNE é unha investigación escénica sobre unha desas figuras absolutamente imprescindibles do noso pasado recente. Un intento (irreverente) por comprender como chegamos até aquí da man dun político que, nas súas propias palabras, dicía as verdades sen condón. Pero ollo: por máis que o poida parecer, isto NON é un biopic sobre Manuel Fraga. Teríanos encantado facelo... pero non collía nunha soa obra!

CLUB C

O Club C! é un programa de actividades complementarias para se achegar de xeito diverso ás propostas da programación e afondar na experiencia cultural do público.

Este semestre Club C! abeira, entre outras, estas propostas:

CONVERSANDO

Programa de encontros, manifestacións orais e faladoiros arredor dos contidos e liñas temáticas que conflúen nos espectáculos desta programación.

POSFUNCIÓN

Cando baixe o pano, **conversaremos** con integrantes do equipo de cada espectáculo arredor da temática e da súa experiencia de traballo. A partir de aí o debate estará aberto ao público asistente.

AXENDA C

A **Axenda C** é un boletín electrónico que te manterá ao día das actividades culturais da cidade. En menos dun minuto podes darte de alta sen custo e axiña comezarás a recibir toda a información de interese.

CALENDARIO

RECONVERSIÓN

IBUPROFENO TEATRO

Teatro Principal

29.1.2026

20.30 h

12 €

RECONVERSIÓN

IBUPROFENO TEATRO

Teatro Principal

30.1.2026

20.30 h

12 €

LOS YUGOSLAVOS

TEATRO DE LA ABADÍA

Auditorio de Galicia-

Sala Ángel Brage

31.1.2026

20.30 h

14 €

BENQUERER

FRAN SIEIRA E

CAAMAÑO&AMEIXEIRAS

Teatro Principal

06.2.2026

20.30 h

10 €

BENQUERER

FRAN SIEIRA E

CAAMAÑO&AMEIXEIRAS

Teatro Principal

7.2.2026

20.30 h

10 €

ICTUS

CHÉVERE

Auditorio de Galicia-

Sala Ángel Brage

20.2.2026

20.30 h

14 €

ICTUS

CHÉVERE

Auditorio de Galicia-

Sala Ángel Brage

21.2.2026

20.30 h

14 €

ICTUS

CHÉVERE

Auditorio de Galicia-

Sala Ángel Brage

22.2.2026

18.00 h

14 €

O DRAGÓN DE OURO

SARABELA TEATRO

Teatro Principal

27.2.2026

20.30 h

12 €

O DRAGÓN DE OURO

SARABELA TEATRO

Teatro Principal

28.2.2026

20.30 h

12 €

HISTORIA VAXENIAL

ARTYC CONTENT, RAQUEL
NOGUEIRA E IVÁN
MARCOS

Teatro Principal
6.3.2026
20.30 h
12 €

EL HIJO DE LA CÓMICA

PENTACIÓN

Auditorio de Galicia-Sala
Ángel Brage
7.3.2026
20.30 h
14 €

**ARTUR UI, O
OVO DA SERPE**

TALÍA TEATRO

Teatro Principal
26.3.2026
20.30 h
12 €

**ARTUR UI, O
OVO DA SERPE**

TALÍA TEATRO

Teatro Principal
27.3.2026
20.30 h
12 €

ON TIME

FUNDACIÓN PSICO
BALLET MAITE LEÓN

Teatro Principal
9.4.2026
20.30 h
10 €

QUISO NEGRO

ESTER GUNTÍN

Teatro Principal
10.4.2026
20.30 h
10 €

OS DOUS DE SEMPRE

PT EXCÉNTRICAS

Teatro Principal
15.4.2026
20.30 h
12 €

OS DOUS DE SEMPRE

PT EXCÉNTRICAS

Teatro Principal
16.4.2026
20.30 h
12 €

OS DOUS DE SEMPRE

PT EXCÉNTRICAS

Teatro Principal
17.4.2026
20.30 h
12 €

OS DOUS DE SEMPRE

PT EXCÉNTRICAS

Teatro Principal
18.4.2026
20.30 h
12 €

TRANSEÚNTE

DANIEL RODRÍGUEZ

Auditorio de Galicia-
Sala Ángel Brage
19.4.2026
20.30 h
10 €

UBASUTE

BERROBAMBÁN

Teatro Principal
23.4.2026
20.30 h
12 €

UBASUTE

BERROBAMBÁN

Teatro Principal
24.4.2026
20.30 h
12 €

FIRMAMENTO

LA VERONAL

Auditorio de Galicia-
Sala Ángel Brage
25.4.2026
20.30 h
10 €

FAMILIA NIJINSKA

VACABURRA

Teatro Principal
29.4.2026
20.30 h
10 €

ALÉN

COLECTIVO GLOVO

Teatro Principal
07.5.2026
20.30 h
10 €

FILTROLA DRAMÁTICA ERRANTE

Teatro Principal

8.5.2026

20.30 h

12 €

VICENTA LORCAOSCAR COBOS COMPAÑÍA
DE DANZA

Auditorio de Galicia-

Sala Ángel Brage

10.5.2026

20.30 h

10 €

ALICIA WANTS TOBENGALA TEATRO FÍSICO

Teatro Principal

21.5.2026

20.30 h

12 €

NORTEARCOLUMNA BALTEIRA

Teatro Principal

22.5.2026

20.30 h

12 €

CONTRA ANALA CONTRARIA

Teatro Principal

23.5.2026

20.30 h

12 €

IRIBARNEBUTACAZERO, CDN E MITRIBADAVIA

Auditorio de Galicia-

Sala Ángel Brage

6.6.2026

20.30 h

12 €

Esta programación pode estar
sujeita a cambios.

Tes toda a información actualizada
en COMPOSTELACULTURA.GAL





VENDA DE ENTRADAS:

ONDE?

- Preferentemente a través do portal compostelacultura.gal
- Despacho de billetes da Zona C
- Punto de Información Cultural. Aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 horas. Teléfono 981 542 462
- Nos despachos de billetes dos espazos escénicos dende unha hora antes do comezo dos espectáculos.

Descontos e entradas especiais:

- Naquelas funcións nas que se indique haberá descontos

para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e integrantes de familias monoparentais ou numerosas.

- Os descontos non son acumulables. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

AVISO!

Pregamos contrastar a información actualizada na páxina web de compostelacultura.gal

ESPAZOS:

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
981 552 290 (oficinas)
981 571 026 (billeiteira)

TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
981 542 461 (oficinas)
981 542 349 (billeiteira)

CASA DAS MÁQUINAS

Rúa de Galeras, s/n
15705 Santiago de Compostela

ZONA C· PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL

Rúa Preguntoiro, nº 1
15704 Santiago de Compostela
981 542 462

compostelacultura.gal

FB: CompostelaCultura

X: CCultura

IG: CompostelaCultura

YT: CompostelaCulturaTV



**Deputación
DA CORUÑA**



**CONSORCIO DE
SANTIAGO**